

INSCRICIÓN NOS PROCESOS SELECTIVOS


ÍNDICE

| | |
|---|---|
| 1. Rexistro do formulario de participación nos procesos selectivos..... | 2 |
| 2. Inscripción en máis dunha categoría..... | 3 |
| 3. Apartados que debe encher no formulario..... | 3 |
| 4. Requisitos xerais de admisión..... | 4 |
| 5. Requisitos específicos de admisión na quenda de promoción interna..... | 4 |
| 6. Requisitos para acceder pola quenda de discapacidade xeral..... | 5 |
| 7. Requisitos de acceso pola quenda de discapacidade intelectual..... | 5 |
| 8. Acceso pola quenda de discapacidade condicionado ao recoñecemento de dita condición..... | 5 |
| 9. Acreditación da discapacidade..... | 6 |
| 10. Pagamento de taxas..... | 7 |
| 11. Verificación de requisitos de participación a través de PasaXe!..... | 7 |
| 12. Modificación dunha solicitude xa confirmada..... | 7 |
| 13. Rexistro electrónico e acreditación de méritos..... | 8 |

1. Rexistro do formulario de participación nos procesos selectivos

As solicitudes de participación no concurso-oposición ou no concurso de méritos, formalizaranse no modelo normalizado que figura na páxina web do Servizo Galego de Saúde, FIDES/Expedient-e /Sección de procesos.

Para inscribirse no concurso-oposición debe elixir a opción INSCRICIÓN OPE. Para inscribirse no concurso de méritos debe elixir dita opción no apartado de procesos:



Nun primeiro momento a solicitude quedará en estado BORRADOR, por se desexa realizar algunha modificación, pero non é válida ata que sexa CONFIRMADA. Unha vez confirmada a solicitude non poderá realizar modificacións no formulario electrónico.

No momento de confirmar a inscrición debe elixir a opción de presentación da solicitude:

A) Presencial nun rexistro administrativo: Neste caso, logo de formalizada electronicamente a solicitude e en estado confirmada, deberá imprimila e asinala para a súa presentación nos prazos e forma previstos, en calquera rexistro administrativo ou polos procedementos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

B) Telemática con certificado dixital a través do Fides/expedient-e:

Esta opción de presentación da solicitude requirirá un certificado dixital válido: FNMT, DNI electrónico ou Camerfirma. Neste caso o estado final da inscrición correctamente rexistrada será o de CONFIRMADA-REXISTRADA.

Teña en conta que esta opción de rexistro telemático, non exime da presentación da documentación acreditativa asociada á inscrición nun rexistro administrativo dos relacionados no apartado anterior; **excepto que se trate de requisitos verificables automaticamente a través da Plataforma de intermediación PasaXe!** habilitada no formulario de inscrición.

Consulte o documento de **Manual para o rexistro do formulario** no cal se recollen os pasos que debe realizar para completar o proceso de rexistro

2. Inscrición en máis dunha categoría

Poderá realizar a inscrición en máis dunha categoría, sempre e cando reúna os requisitos de participación establecidos para cada categoría. Nese caso deberá formalizar unha solicitude de participación e aboar as taxas correspondentes para cada unha delas.

Non poderá presentarse a unha categoría/especialidade, se vostede é persoal estatutario propietario desa categoría/especialidade.

3. Apartados que debe encher no formulario

Ademais do sistema de acceso (libre, promoción interna, discapacidade xeral ou discapacidade intelectual) debe encher os campos de pago de taxas, acreditación de requisitos e idioma (galego ou castelán) no cal quere que se lle facilite, na data do exame, o

cuestionario de preguntas da parte común e específica da fase de oposición.

Tamén deberá declarar no formulario electrónico que reúne os requisitos de participación esixidos na convocatoria segundo a quenda de acceso pola que opte.

4. Requisitos xerais de admisión

Debe reunir os **requisitos xerais** que se recollen no formulario: nacionalidade, idade, titulación, capacidade funcional, non ser estatutario propietario na categoría á que opta, non ter sido separado do servizo mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión nun Estado membro da Unión Europea, e non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

5. Requisitos específicos de admisión na quenda de promoción interna

- Ter a condición de persoal estatutario fixo noutra categoría ou especialidade de nivel académico igual ou inferior á que se opta.
- Estar en servizo activo e con nomeamento como persoal estatutario fixo durante, polo menos, dous anos na categoría ou especialidade de procedencia.

Nesta quenda de acceso, no formulario consta a data do nomeamento como propietario: é a data na que vostede foi nomeado persoal estatutario fixo na categoría que lle dá acceso á quenda de promoción

interna. Se a data non é correcta pode modificala. Comprobárase a exactitude das datas.

6. Requisitos para acceder pola quenda de discapacidade xeral

Debe ter recoñecida a condición legal de persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.

7. Requisitos de acceso pola quenda de discapacidade intelectual

Deberá acreditar unha discapacidade intelectual e que o grao de discapacidade global recoñecido sexa igual ou superior ao trinta e tres por cento.

8. Acceso pola quenda de discapacidade condicionado ao recoñecemento de dita condición

No suposto de desexar participar pola quenda de discapacidade e ter solicitado o recoñecemento de dita condición, pero sen terse emitido polo órgano competente o certificado de recoñecemento do grao de discapacidade: deberán sinalar no formulario electrónico de inscrición dita circunstancia no espazo habilitado para o efecto, efectuar o pago da taxa correspondente e achegar a solicitude de recoñecemento da discapacidade presentada.

Neste suposto, resultará admitido/a pola quenda de discapacidade e poderá solicitar o reintegro da taxa aboada sempre que acredite documentalmente ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, o último día do prazo de presentación de reclamacións contra a listaxe provisional de admitidos/excluídos. Noutro suposto resultará admitido polo sistema de acceso libre.

9. Acreditación da discapacidade

Para acreditar a discapacidade as persoas aspirantes deben presentar:

- Copia compulsada que acredite ter recoñecida a condición legal de persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. No caso de ser emitido por un órgano da Comunidade Autónoma poderá verificarse a través de Pasaxe!.

No caso de solicitar o acceso polo sistema de discapacidade intelectual debe presentar tamén:

- Ditame técnico facultativo que acredite o recoñecemento dunha discapacidade intelectual.

Os códigos das deficiencias que deben constar no ditame técnico facultativo para poder optar polo acceso polo sistema de discapacidade intelectual, son os seguintes:

- 2100 Atraso mental profundo
- 2101 Atraso mental severo
- 2102 Atraso mental moderado
- 2103 Atraso mental lixeiro
- 2104 Intelixencia límite

No caso dos seguintes códigos de deficiencias, requirirase o informe dos *Equipos de Valoración e Orientación de Discapacidades*, para a súa valoración como discapacidade intelectual:

- 2105 Atraso madurativo
- 2106 Trastorno do desenvolvemento

- 2107 Trastorno cognitivo

10. Pagamento de taxas

Como norma xeral deberá vostede aboar a taxa correspondente por cada categoría na que se inscriba. Nos apartados de **Información da autoliquidación de taxas** e **Modelo de autoliquidación de taxas** ten información sobre o procedemento de pagamento de taxas, causas de exención ou bonificación e importes para cada categoría.

11. Verificación de requisitos de participación a través de PasaXe!

Poderá realizarse a verificación automática dos seguintes requisitos de participación a través da **plataforma de intermediación (PasaXe!)**:

- DNI/NIE.
- Certificado de discapacidade expedido por un órgano da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Condición de demandante de emprego no territorio nacional e de non ser perceptor de prestación ou subsidio por desemprego.
- Título de familia numerosa na Comunidade Autónoma de Galicia.

Fóra destes supostos ou cando conste oposición expresa á súa consulta, deberá presentar a documentación acreditativa dos requisitos segundo se indica na base 2.5. da convocatoria.

12. Modificación dunha solicitude xa confirmada

Se quere modificar a solicitude, deberá presentar xunto coa solicitude ou unha copia desta, un escrito no que consten os seus datos, a modificación que pretenda e unha vez asinado, deberá presentalo nun

registro administrativo, dirixido á unidade de validación á que enviou a solicitude inicial, sempre dentro do prazo de presentación de solicitudes.

13. Rexistro electrónico e acreditación de méritos.

Os méritos que se terán en conta na fase de concurso, son os recollidos no anexo III e valoraranse con referencia ao día inmediatamente anterior, inclusive, ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

Estes méritos deberán estar rexistrados no sistema informático Fides/ expediente-e. Unha vez rexistrados na devandita aplicación, deberase imprimir a **solicitude de validación** na epígrafe de “informe”.

A solicitude de validación dirixirase a unha Unidade de Validación e poderá presentarse, xunto coa documentación acreditativa dos méritos pendentes de validación, ata o último día do fin do prazo de presentación de solicitudes.

Dispón dun enderezo de correo electrónico ao que poden dirixir as súas dúbidas ou consultas: oposicions@sergas.es. Estas consultas non terán a consideración de reclamación.